

MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES 2019
--

1. Programa trimestral de actividades celebradas nos 3 concellos da Reserva da Biosfera no ano 2019, con máis de 20 xornadas celebradas.
2. Visitas a centros educativos dentro do Programa "O Centro de Interpretación na rúa" para difundir as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
3. Celebración do VI Campus Emprendemento Sostible nas Reservas da Biosfera.
4. Proxecto de recuperación da Praza do Campo de Quindous, no Concello de Cervantes.
5. Apoio á curta "Quijano, o burro da escola" rodada ás ordes do director Oliver Laxe por alumnos do CEIP de Cervantes, promovido pola AMPA do colexio.
6. Apoio á edición da obra "Aldeas e Vales da Serra de Ancares. O territorio desde dentro" de Vanessa Fernández Fernández.
7. Entrega do Premio ao Centro de Servicios Sociais de Becerreá no Programa de Seguimento Fenolóxico da Red Española de Reservas de la Biosfera o 28 de xaneiro de 2019.
8. Celebración da VIII Semana Escolar da Árbore e a Auga en marzo de 2019 en centros escolares da provincia de Lugo cos libros "A camiñada de Pin"

- e "O poder da auga", centrados nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
9. Colaboración entre a USC e a Deputación de Lugo no proxecto de investigación para impulsar o aproveitamento sustentable e a valorización no territorio das Reservas da Biosfera existentes na provincia de Lugo da Árnica Montana L.
 10. Colaboración na celebración das II Xornadas Apícolas e XXVII Feira do Mel que organiza a Asociación Provincial Lucense de Apicultores no Salón de Actos da Deputación de Lugo entre os días 27 e 28 de setembro de 2019.
 11. Edición do tríptico Vía Romana XIX no concello de Cervantes en colaboración co Concello e coa Asociación Patrimonio dos Ancares.
 12. Organización das Xornadas sobre Apicultura "Protocolo de actuación para o control da Vespa Asiática no apiario" o 4 de maio de 2019 na Casa da Cultura de Becerreá.
 13. Colaboración na celebración das I Xornadas de Arqueoloxía e Historia de Ancares. Vía Romana XIX e Época Romana de Ancares os días 4 e 5 de maio de 2019 en San Román de Cervantes.
 14. Participación na feira turística Expovacaciones, celebrada en Bilbao do 10 ao 12 de maio de 2019.
 15. Sinalización de 10 rutas cicloturistas na montaña lucense e na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses (Navia de Suarna e Cervantes) en maio de 2019.

16. Colaboración con Europarc na actualización do Catálogo de Patrimonio Inmaterial das Reservas da Biosfera de España, elaborando as fichas da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses relativas a cada un dos ámbitos do patrimonio inmaterial UNESCO.
17. Participación na feira turística do Eixo Atlántico Expocidades 2019, celebrada en Braga do 30 de maio ao 2 de xuño de 2019.
18. Colaboración coa XI Reunión científica Bioinorgánica "Biolugo 2019" celebrada do 30 de xuño ao 3 de xullo de 2019, con material divulgativo sobre as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
19. Colaboración coa Sociedade Española de Historia da Educación XI con material divulgativo sobre as Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para entregar no XX Coloquio de Historia da Educación que con carácter internacional se celebrou en Monforte de Lemos entre os días 9 e 12 de xullo de 2019.
20. Colaboración co Curso de Verán da USC sobre plantas medicinais nas Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses celebrado en Lugo do 15 ao 18 de xullo de 2019.
21. Colaboración no VIII Encontro de Artesanía de San Román de Cervantes celebrado o 9 de agosto de 2019 coa celebración dunha mallega tradicional e exposición de fotografías realizadas por nenos no Centro de Interpretación Terras do Miño.

22. Participación na reunión de creación dunha Rede Profesional de Turismo Científico para o territorio dos Ancares e O Courel o 21 de agosto de 2019.
23. Colaboración na "VII Festa da involución educativa" celebrada en Doiras o 31 de agosto de 2019.
24. Colaboración coa Ruta dos 3 Castelos celebrada o 19 de outubro de 2019 e organizada pola Asociación Patrimonio dos Ancares e a ANPA do CPI Cervantes.
25. Recepción á Fundación Taller de Solidaridad de Lugo, Somoto Instituto de Promoción Humana de Nicaragua e Centro Experimental para o Desenvolvemento da Pequena e Mediana Empresa Rural de Guatemala, o 21 de outubro de 2019, e visita ás empresas Vida de Aldea (Outeiro de Rei) e Dukaree (O Corgo).
26. Visita á Casa das Insuas o 22 de outubro de 2019 de alumnos das asignaturas de "Planificación e Xestión de espazos naturais" dos Máster de Enxeñería Ambiental e Enxeñería de Montes da USC, aos que se presentou ás Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
27. Participación no I Foro de Mozos na Rede Española de Reservas da Biosfera celebrado na Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo do 23 ao 25 de outubro de 2019.
28. Participación no proxecto DiálogosRB.net (a rede de coñecementos da RERB) da Rede Española de Reservas da Biosfera, con visita dos técnicos en xullo de 2019 ás Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares

- Lucenses, así como exposición dos Campus de Emprendemento Sostible nas xornadas celebradas en Valsaín (Segovia) o 24 e 25 de outubro de 2019.
29. Organización do Ciclo Conferencias Luis Asorey en colaboración coa Real Academia Galega de Ciencias e USC entre os días 18 e 27 de novembro de 2019 sobre "Bioeconomía e economía circular".
 30. Elaboración dun estudo sobre as posibilidades do aproveitamento resineiro na Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.
 31. Colaboración coa 6ª edición da Revista Micolucus, que inclúe traballos das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses.
 32. Celebración do VI Concurso de Fotografía das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses co lema "As nosas árbores".
 33. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Cultural Irmandade Sarria-Guerlèdan para difusión das Reservas da Biosfera durante o ano 2019.
 34. Convenio da subvención nominativa outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación Castaño y Nogal para o mantemento e conservación da ruta de sendeirismo Quintá-Río Donsal durante o ano 2019.
 35. Colaboración co Máster en Dirección de Actividades de Educación da Natureza da USC 2018-2019.
 36. Apoio á película *O que arde* de Oliver Laxe e encargo dun vídeo promocional da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses.

37. Apoio á candidatura da Reserva da Biosfera da Ribeira Sacra e Serras de Oribio e Courel, promovida pola Xunta de Galicia.
38. Participación nas reunión plenaria constitutiva do Comité de Coordinación da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia celebrada en Santiago de Compostela o 4 de decembro de 2019.